

I CONCURSO DE POESÍA E RELATO CURTO CONCELLO DE CASTROVERDE

BASES DO CONCURSO:

PRIMEIRA.- A temática deste concurso será “A Castaña” podendo realizar cada alumno ou ben un poema ou un relato curto sobre ese tema.

SEGUNDA.- O concurso está dirixido a nenos e nenas de entre 6 a 16 anos. Haberá 4 categorías individuais:

- 1ª categoría: dirixida a alumnos/as de 1º e 2º de primaria
- 2ª categoría: dirixida a alumnos/as de 3º e 4º de primaria
- 3ª categoría: dirixida a alumnos/as de 5º e 6º de primaria
- 4ª categoría: dirixida a alumnos/as de toda a ESO.

TERCEIRA.- Tanto os poemas como os relatos curtos poderán presentarse escritos á man ou ben a ordenador, podendo só presentar un traballo por alumno (poema ou relato curto). Presentaranse en formato folio A4 non podendo estenderse máis de unha páxina. A parte do contido tamén se valorará a presentación de cada traballo.

CUARTA.- Unha copia de cada un dos traballos deberá presentarse como data límite o día 8 de novembro na Secretaría do C.P.I de Castroverde, para que o xurado poida ir valorando cada un dos traballos.

Os traballos orixinais quedarán en poder de cada alumno, xa que deberán dar lectura deles o sábado día 11 de novembro a partir das 20.00 horas na Praza do Concello coincidindo coa celebración do Magosto.

QUINTA.- Será necesario que pola parte da atrás de cada traballo se especifiquen os seguintes datos: Nome e apelidos do autor, domicilio, data de nacemento, curso académico, teléfono e sinatura.

SEXTA.- O xurado que valorará os traballos estará composto por tres escritores Castroverdeses, sendo os seguintes:

- Ánxela Gracián
- Ricardo Polín
- Jesús Mª Trashorras Nogueira

SÉTIMA.- PREMIOS:

Por cada categoría haberá dous premios sorpresa, un será para o autor do poema mais valorado polo xurado e outro para o autor do relato curto tamén mais valorado polo xurado.

Os premios serán entregados o mesmo día da celebración do Magosto, unha vez finalizada a lectura por cada un dos autores de todos os traballos.

Os alumnos que non tiveran a sorte de levar premio daráselles un pequeno agasallo só por haber participado.

OITAVA.- A participación neste concurso implica a cesión ó Concello de Castroverde dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre os traballos presentados previstos na lexislación sobre a Propiedade ou a súa edición dixital, así como calquera outro medio, todo elo sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación da Propiedade Intelectual.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS:

De conformidade co artigo 5 da Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, infórmase que os datos persoais obtidos para a participación no concurso serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Castroverde, que ten por finalidade a xestión deste concurso de poesía e relato curto. Estes datos serán tratados conforme á normativa de Protección de Datos vixente. Os interesados poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, modificación e oposición dirixíndose ó Concello de Castroverde.